

ESCOITAR O MUNDO

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 12 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

FRANCIS POULENC: LE VOIX HUMAINE

Sala Mozart 19:00 h

Conversando con... Luis Gago

* En colaboración coa Asociación
de amigos da Ópera de Santiago



PROGRAMA

LA VOIX HUMAINE (1959)

Nocturne 3r: les cloches de Malines, en Fa maior (FP 56)

Nocturne 4: le bal fantôme, en do menor (FP 56)

XIème Improvisation en sol mineur (FP 113)

XVème Improvisation en ut mineur: Hommage à Édith Piaf (FP 176)

Francis Poulenc (1899-1963)

Ela

El

O insoportable medo a morrer sós

Nicola Beller Carbone (soprano)

Juan Pérez Floristán (piano)

Antiel Jiménez (actor)

Dirección, dramaturxia, espacio escénico,
vestuario e iluminación

Rafael R. Villalobos


Sinopse

“Unha señora, guapa e elegante, ao decatarse de que o seu amante a abandona, tenta suicidarse. Durante longo tempo fala por teléfono co seu amado, que comprende perdido; seguramente, será o seu derradeiro diálogo, pois sabe que el casa ao día seguinte. As súas palabras son as dunha namorada que comprende que foi traizoada; faino sen coherencia, evoca o pasado, os días felices, minte a sabendas ao non lembrar, nin sequera rozar, o decidido abandono, aférrase á menor alusión do que cre pode ser unha esperanza mais, en certo momento, exáltase, entolece, sofre, clama a súa terrible amargura. Logo cálmase, só en aparencia, pois cando comprende o inevitable e definitivo da ruptura, deixa o teléfono para caer desvanecida.”

Jean Cocteau

Duración aproximada do concerto: 60 minutos, sen pausa.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



NICOLA BELLER CARBONE

SOPRANO

Nicola Beller é unha cantante de ópera que chegou ao canto clásico a través do rock, o jazz, o teatro de rúa e o cabaré. Nada en Alemaña e criada en España, estuda a carreira de piano, danza clásica e arte dramático en Zaragoza e máis tarde Canto na Escuela Superior de Madrid. De 1991 a 2001 forma parte da compañía do Gartnerplatztheater Munchen e do Nationaltheater Mannheim. En 2001 comeza a súa traxectoria internacional. Tras o seu debut no papel de *Salomé* en 2003, interpreta este personaxe en quince producións distintas por todo o mundo. Especialízase sobre todo no repertorio do século XX (*Marie / Wozzeck* de Alban Berg, *Lady Macbeth de Mzensk / Shostakovich...*), actuando nos principais teatros internacionais, entre eles, a Bayerische Staatsoper Munich, Deutsche Oper Berlín, Oper Frankfurt, Teatro la Fenice, Teatro Massimo de Palermo, Teatro San Carlo de Nápoles, Teatro Regio de Turín, Ópera de Montreal, Ópera de Montecarlo, Ópera National de París, Ópera de Lyon, Festival de Ópera Santa Fe, Teatro Colón de Bos Aires, Ópera La Monnaie de Bruxelas, Festival de Bregenz e no Teatro Real de Madrid, Teatro de la Zarzuela, Teatro de la Maestranza e Teatro Campoamor de Oviedo. Paralelamente á súa actividade como cantante imparte clases maxistras na Theaterakademie August Everding de Múnic, a Accademia dell'Opera de Florencia, a Academie Rainier III Mónaco,

a Fundación Internacional Alfredo Kraus e incorporouse ao profesorado estable da Ópera Estudio da Bayerische Staatsoper. Foi fundadora e directora artística do Workshop InCanto Tignano (2103 - 2018) e en 2019 funda LIBERAINCANTO, Stage Masterclass for Opera Singers. A súa docencia céntrase na interpretación e a actuación dos participantes, explorando e potenciando as capacidades artísticas de cada un deles. Na pasada temporada debutou no papel principal de *Electra* de Richard Strauss no Stadttheater Klagenfurt. Ademais interpretou o rol principal na estrea mundial da ópera contemporánea *Marie* de Germán Alonso nunha coprodución do Teatro Real Madrid e o Teatro Abadía na dirección de Rafael R. Villalobos. Volveu ser Solea en *El Gato Montés* de Manuel Penella en xuño 2021 no Teatro Campoamor de Oviedo e interpretou a Ela en *La voix humaine* no Gran Teatro de Córdoba. Na tempada 2021/2022 actúa na Bayerische Staatsoper no papel de Natascha Albrecht na ópera *Bluthaus* de Georg Friedrich Haas, Madame Croissy en *Dialogues des Carmelites* no Teatro Villamarta de Xerez e repetirá coa Ela da *A voz humana* de Francis Poulenc xunto a Bianca en *Florentinische Tragödie* de Alexander Zemlinsky en ABAO Bilbao.



JUAN PÉREZ FLORISTÁN


PIANO

Gañador do Primeiro premio e do premio do público no Concurso de Piano de Tel Aviv Arthur Rubinstein 2021, do Primeiro premio e do premio do público no Concurso de Piano de Santander Paloma O'Shea 2015, do Primeiro premio no Concurso Steinway de Berlín 2015 e da Medalla da Ciudad de Sevilla, Juan Pérez Floristán é con só 28 anos un referente entre as novas xeracións de músicos españois e europeos. Incansable e novo pianista, en pouco tempo debutou nalgunhas das principais salas do mundo, como o Royal Albert Hall (xunto á BBC Philharmonic Orchestra nos Proms), o Wigmore Hall, a Herkulessaal de Múnic, a Tonhalle de Zurich, a Filharmonía de San Petersburgo, o Béla Bartók Hall de Budapest, o Teatro La Fenice de Venecia, a Laeishalle de Hamburgo, Schloss Elmau, o Auditorio Nacional de Madrid, o Palau de la Música e l'Auditori de Barcelona, o Charles Bronfman Auditorium de Tel Aviv... Tamén ten participado en festivais como o Ruhr Klavier Festival, o Festival de Verbier, o Festival Sommets-Musicaux de Gstaad (Suíza), o Festival de Santander, o Festival de Granada, o Festival Beethoven de Varsovia... Cun repertorio que inclúe máis de 30 concertos para piano e orquestra e que abrangue desde Mozart ata Crumb, é un invitado asiduo nas tempadas de orquestras como a Orquestra de la RTVE, Orquestra Nacional de España, Filharmónica de

San Petersburgo, BBC Philharmonic Orchestra, Orquestra Filharmónica de Israel, Camerata de Xerusalén, Orquestra Sinfónica de Monterrey (EEUU), Orquestra Sinfónica de Malmö, Real Orquestra Sinfónica de Sevilla, Orquestra de Barcelona, Filarmónica de Gran Canaria, Sinfónica de Castilla y León... Os seus proxectos discográficos inclúen un CD coa BBC Concert Orchestra de Londres, un CD para Naxos (con obras de Liszt, Schumann e Beethoven) e dous CDs con obras de cámara de Schubert, Shostakovich e Brahms. Sen embargo, o debut discográfico de Juan Pérez Floristán remóntase xa a 2012, cando publicou o seu primeiro CD, unha gravación en vivo do seu concerto debut no prestigioso Ruhr Klavier Festival de Alemaña. A lista de directores, solistas e grupos de cámara cos que colabora inclúe a Jesús López Cobos, Juanjo Mena, Pablo González, Ben Gernon, Marc Soustrot, Leopold Hager, Lorenzo Viotti, Josep Vicent, Pedro Halffter, Max Bragado, Andrei Ionita, Pablo Ferrández, integrantes do Cuarteto Casals como Abel e Arnau Tomás, Fine Arts Quartet, Dietrich Henschel, Kian Soltani, Cristina Gómez Godoy, Pablo Barragán... Debe a súa formación fundamentalmente á súa nai (María Floristán), a Galina Eguiazarova e a Eldar Nebolsin. Tamén ten recibido consellos e clases de figuras internacionais como Luca Chiantore, Eberhardt Feltz, Claudio

2023

Martínez Mehner, Daniel Barenboim, Ferenc Rados, Menahem Pressler, Nelson Goerner, Stephen Kovacevich... Aínda así, mención aparte na súa formación merece Elisabeth Leonskaja, que, desde que a coñece, demostrou non só ser unha artista excepcional, senón tamén unha persoa comprometida coas novas xeracións de pianistas de forma entregada e totalmente desinteresada, pois significou unha axuda inestimable tanto na súa carreira como no seu desenvolvemento persoal e artístico. As súas xiras levárono por Europa, Latinoamérica, Estados Unidos... tendo actuado xa en España, Francia, Italia, Alemaña, Reino Unido, Suíza, Austria, Polonia, Suecia, EEUU, México, Arxentina, Chile, Colombia, Perú, Israel, Emiratos Árabes Unidos... É, desde o ano 2020, profesor de piano na Fundación Barenboim de Sevilla, e desde 2021 profesor de Ritmo Aplicado á Interpretación na escola actoral La Colmena de Sevilla. En 2020 pasa a formar parte, como colaborador, do equipo do programa La Ventana da Cadena Ser con Carles Francino. Desde 2021 é Artista Oficial Yamaha.



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

RAFAEL R. VILLALOBOS DIRECCIÓN ESCENA


Gañador do prestixioso Premio Europeo de Dirección Operística en Viena en 2013 e nomeado en 2016 aos International Opera Awards de Londres, Rafael R. Villalobos consolidouse nos últimos anos como unha das voces novas máis interesantes da dirección operística, con presenza en España, Italia, Francia, Bélxica, Alemaña, Hungría, República Checa e UK. Foi finalista do Independent Opera at Sadler's Wells en Londres e artista en residencia na Real Academia de España en Roma. Algúns dos seus proxectos foron emitidos por BBC Arts, Mezzo e OperaVision, e expuxo parte da súa obra na Real Academia de San Fernando en Madrid. En 2019 recibe o Premio da Fundación Princesa de Girona das Artes e as Letras de mans das SS MM os Reis de España, así como o Premio Andaluces do Futuro do Grupo Editorial Joly y Bankia. Recentemente gañou o Premio Especial de La Monnaie e Premio Especial de Opéra Orchestre National Montpellier no Ring Award'20 en Graz, sendo o primeiro director español recoñecido nesa competición, tamén acadou o YAM AWARD de Xuventudes Musicais Internacionais á mellor ópera para público xuvenil por *La Isla*, da que é director e libretista. Tras un sensacional debut con *Noyes*

Fludde de Britten en Wiesbaden, rapidamente é invitado a traballar nas tempadas do Teatro Real, Auditorio Nacional de Música, Gran Teatre del Liceu, Teatro Sociale de Como, Teatro Massimo di Palermo ou Ópera Estatal Húngara de Budapest. Entre os seus últimos proxectos cabe destacar *O barbeiro de Sevilla* de Rossini na Opéra National de Montpellier, *Così fan tutte* de Mozart en Teatro de la Maestranza, *Marie* de Alonso no Teatro Real, *Les Tres Reines* no Gran Teatre del Liceu, *Tosca* en La Monnaie de Bruxelas e *Orlando* de Händel no Festival Castell de Peralada. Outros proxectos lévano a Viena, Madrid, Barcelona, Montpellier, Bruxelas, Colonia, Palermo, Parma ou Santiago de Chile. Atraído precozmente pola ópera, estudou no Conservatorio C. de Morales e na Escuela Técnica Superior de Arquitectura, ambos en Sevilla. Licenciado máis tarde pola Real Escuela de Arte Dramático de Madrid, obtivo as máis altas cualificacións no Mestrado de Estudos Musicais na Universidad de Barcelona e ESMUC, atraendo a atención de Gerard Mortier e Peter Sellars, ampliando máis tarde a súa formación na Central School of Speech and Drama de Londres. Director, dramaturgo, escenógrafo, figurinista e iluminador, ten colaborado xunto a Premios Nacionais como

2023

Lola Blasco, Pedro Berdäyes ou o Cuarteto Quiroga, así como directores musicais como David Afkham, Tito Ceccherini, Janos Kovacs, Riccado Frizza ou Alain Altinoglu. Actualmente está representado en exclusiva pola prestixiosa axencia Sorek Artists de Berlín. Especialmente interesado na transversalidade da ópera e o teatro contemporáneo, a súa peza *A Welcome Guest*: microópera para un só performer foi moi celebrada pola crítica na súa estrea de Barcelona en 2012, seguido de *ROMAESAMORALREVES* no Tempietto de Bramante de Roma e *Hagiografías* no Teatro de la Zarzuela, só protagonizado por Delapuríssima. En 2018 presenta *Gratia Plena* en Sevilla, peza comisionada polo ICAS con motivo do Ano Murillo. Dirixe igualmente o espectáculo *Saltar el Muro*, clausura da devandita efeméride, protagonizado por María Bayo e Leonor Leal no Teatro de la Maestranza. Así mesmo, en 2020 incorre por primeira vez no flamenco dirixindo *MORE (NO) MORE* coa compañía María Moreno para a Bienal de Flamenco de Sevilla, coa que consegue o Premio Giraldillo ao Momento Mágico 2020. Desde 2019 é Director Artístico de [DxM], ciclo de proxectos líricos fronteirizos comisionado polo Instituto para la Cultura y las Artes de Sevilla.

Igualmente foi comisario das Jornadas de Ópera y Juventud de Ópera XXI, asociación de temporadas líricas de España, así como docente colaborador da Universidad Menéndez y Pelayo. Nunca dirixirá *Tristan und Isolde*: ante esta obra mestra prefire relaxarse e deixarse levar.



Anxiety is love's greatest killer. It creates the failures. It makes others feel as you might when a drowning man holds on to you. You want to save him, but you know he will strangle you with his panic.

A. Nin, *The Diary of Anais Nin vol. 4 (1944-7)*

(...) au bout d'une heure j'ai telephone a Marthe... Je n'avais pas le courag' de mourir seule.

J. Cocteau / F. Poulenc, *La voix humaine (1959)*

A máis humana das voces

Poderíamos afirmar sen medo a equivocarnos que toda relación afectivo/sexual, por monógama e ortodoxa que se compra de ser, conforma un perfecto *ménage-à-trois* integrado pola parella principal e o insoportable medo a morrer sós. Xuntos, os dous corpos físicos conviven en maior ou menor harmonía ata que a pantasma que os acompaña triunfa sobre a levedade da carne. Día tras día, noite tras noite, ambos teñen que compartir leito e rutinas coa presenza deste espírito aterrador que ao longo dos anos pode encarnar múltiples máscaras—desde amantes ameazantes a doutores portadores de diagnósticos apocalípticos—facendo patente que ese medo é, sen ningún lugar a dúbidas, o máis humano que existe, como humana é a voz que o borboriña ao oído.

Gústame imaxinar *La voix humaine*, ese exercicio de elipses infinitas escrito por Jean Cocteau en 1930 e musicado por Francis Poulenc en 1958 no que só escoitamos unha parte dunha conversa telefónica, non como unha exhibición voyeurista da autodestrución unha muller submisiva que se consume ante a hecatombe que supón a chamada de despedida do seu amante, senón como un estado emocional

que se perpetúa no tempo dunha parella que se nega a aceptar a finitude da súa relación establecendo alternativamente estratexias para mantela absurdamente a flote. Así, analizando as palabras e apoiándonos na retórica que se establece cos instrumentos, aínda máis incisiva na versión para piano do propio compositor, a nosa aproximación trata de levar a escena a esencia deste binomio tóxico abocada ao fracaso onde o telefono se sitúa nun plano metafórico como símbolo da incomunicación á vez que se converte no aliado desta parella de artistas cuxas carreiras nos obrigan a estar perennemente separados e ficticiamente conectados a través deste aparato.


O noso achegamento a *La voix humaine*, completado con outras pezas pianísticas do propio Poulenc, bebe de múltiples fontes literarias, musicais e plásticas á vez que se inspira libremente en diferentes pasaxes dos diarios de Anais Nin e o seu triángulo amoroso con Henry Miller e a súa muller June Edith Smith, experimentando nesta ocasión en torno á relación física de dous intérpretes—pianista e cantante, como os propios pais de Nin—cuxo código comunicativo é completamente diferente. Aquí non percibimos unha parte

2023

da conversa, senón que somos testemuñas privilexiadas da conversa completa que establecen a palabra e o piano onde a linguaxe corporal adquire unha especial relevancia.

Estamos ante a chamada final del a ela ou acaso somos testemuñas de todas as horas que unha parella ten pasado ao teléfono? Están os nosos protagonistas separados por océanos e fusos horarios, ou encóntranse pechados no mesmo cuarto incapaces de poder establecer unha comunicación fluída? Cunha concepción líquida do tempo, a realidade, a acordanza e a proxección dos desexos máis escuros entrelázanse neste monólogo convertido en diálogo onde non podemos chegar a estar seguros de a quen pertence a autoría de cada liña.

Rafael R. Villalobos



REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Cúmprense, neste 2023, sesenta anos do falecemento do compositor Francis Poulenc e do escritor Jean Cocteau (1889-1963) polo que parece oportuno presentar unha nova proposta escénica de *A voz humana*, unha traxedia lírica nun acto para voz e piano (a versión orquestral é posterior) cuxo libreto está baseado na obra homónima. En palabras do propio Cocteau “trata, simplemente, dunha muller moi namorada, con poucos recursos intelectuais, que loita ata o final para arrincarlle ao home unha confesión sincera e así salvar, polo menos, a memoria do amor anterior”. Comezou a súa escrita trala morte do seu compañeiro de vida Raymond Radiguet en 1923 pero non a rematou ata 1928 e dous anos despois, foi estreada na Comédie Française pola actriz Berthe Bovy. A estrea acadou un éxito relativo pois trataba temas infrecuentes naquel momento: a paixón, a loita contra o baleiro emocional, a ausencia física da ruptura nun personaxe feminino ao borde do abismo; pero tamén, aborda asuntos de actualidade da época como a transformación das relacións humanas e do comportamento social provocado pola irrupción de certas tecnoloxías nas vidas das persoas (no caso, o teléfono). Jean Cocteau elixe un título e un nome protagonista neutros para escenificar unha historia universal na


que calquera xénero pode identificarse. Ademais, inaugura unha nova forma de concibir o espazo literario no que a tensión dramática basease na ausencia dun personaxe, representado por espazos en branco no texto e polos silencios resultantes. O lado operístico do monólogo transmítese pola exacerbación dos sentimentos e a posta en escena da desesperación, característica pola que, probablemente, a súa musicalización acadou un gran éxito.

A escritura da música chega tras o éxito de *Dialogue des Carmélites*, o director de Ricordi en París, Hervé Dugardin, animou a Poulenc a compoñer unha nova ópera e suxírelle o monólogo de Cocteau para ser interpretada por Maria Callas. O compositor acepta o proxecto mais decide escribir o papel de Ela para a súa “intérprete única en todos os sentidos da palabra”, Denise Duval, quen xa personificara os principais papeis femininos nas súas dúas primeiras óperas (Thérèse en *Les mamelles de Tirésias* en 1947 e Blanche de la Force en *Dialogue des Carmélites* en 1957). A estrea no Théâtre National de l’Opéra-Comique en febreiro de 1959 dirixida por un novo Georges Prêtre e cos decorados, vestiario e escenografía a cargo de Jean Cocteau foi un éxito que fixo famosa a Duval levándoa aos mellores escenarios

de todo o mundo. Pero, volvendo á composición, é necesario comentar que Poulenc, inicialmente, non quería escribir unha ópera, senón música para acompañar unha obra de teatro que aportase, na expresión do drama, as emocións sen recorrer á palabra. Trata de representar musicalmente todo o que o personaxe oculta, o que se nega ou non se atreve a dicir e, as sensacións, a ansiedade, a ledicia de Ela e describir o ambiente sonoro, como a música de jazz que soa ao outro lado da liña. Poulenc logra manter musicalmente ao longo da partitura a tensión emocional presente no drama de Cocteau. Con este fin, o compositor, xunto a Denise Duval e co beneplácito do dramaturgo, suprime certas pasaxes que, segundo el, constituían “distensións” dramáticas; cortes que fixeron que o personaxe da muller fose máis calmado e modesto, polo tanto, aínda máis conmovedor e centrando a atención unicamente na relación co seu ex amante.

A voz humana é traxedia lírica, soamente, no uso do tratamento vocal característico deste xénero francés dos séculos XVII e XVIII: o recitativo. En xeral, Poulenc optou por unha liña vocal prosaica con pouca amplitude lírica (excepto en momentos de gran tensión emocional como cando Ela relata o

seu intento de suicidio) onde as frases musicais fragméntanse e mestúranse con berros. Para deixar translucir a gran forza dramática do texto, escribiu longas pasaxes vocais sen acompañamento musical e, a través de esta liña vocal concibida en colaboración coa soprano, asoma a trama psicolóxica. A música transmite a atmosfera emocional xa que é responsable do desenvolvemento dos motivos líricos e melódicos a través dos que o compositor obtén, por un lado, unha unidade musical e, por outro, garante a continuidade melódica ao longo da obra. Máis aló de representar o ambiente sórdido da situación, a música enche o baleiro deixado pola ausencia do amante e polo tanto, convértese nese amante ausente e volve dialogar con Ela.



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 19 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

ESCOITANDO AS ESTRELAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Peter Moore, trombón

- Henri Duparc: Aux étoiles (Ás estrelas)
- Jessie Montgomery: Starburst (Estalido estelar)*
- Jonathan Dove: Stargazer (Astrónomo), concerto para trombón e orquestra
- Antonín Dvořák: Sinfonía núm. 6 en Re maior, op. 60, B.112

* Estrea en España

Sala Mozart 19:45 h
Conversando con...
Paul Daniel

Xoves 26 xaneiro 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

PAISAXE BARROCA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jonathan Cohen, director

- Antonio Vivaldi: Concerto para cordas en Sol menor, RV 156
- Johann Sebastian Bach: A arte da fuga, BWV 1080: Contrapunctus I
- George Frideric Händel: Concerto grosso en La menor núm. 4, op. 6
- Johann Sebastian Bach: A arte da fuga, BWV 1080: Contrapunctus VII
- Pietro Locatelli: Concerto grosso en Mi bemol maior, op. 7, núm. 6 "Il Pianto D'Arianna"
- Francesco Geminiani: Concerto grosso en Re menor, H. 143 "La Folia"
- Franz Joseph Haydn: Sinfonía núm 6 en Re maior "Le matin"



C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA